

## **ORIENTACIÓN S PARA A PROBA DE CULTURA AUDIOVISUAL II (ABAU PARA O ACCESO NA UNIVERSIDADE NO CURSO 2020-2021)**

Agradécese un ano máis aos integrantes do Grupo de Traballo da materia “Cultura Audiovisual II”, nas probas da ABAU que darán acceso á Universidade no curso 2020-2021, a súa inestimable colaboración e dispoñibilidade; e ao conxunto de centros e profesores/as por remitirnos as suxestións e os materiais de traballo que nos serviron de orientación para confeccionar o modelo de exame que logo se adxunta.

### **Criterios de avaliación e estrutura da proba**

Como se contempla na normativa (DOG nº 120: Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, e sucesivas resolucións da Xunta de Galicia sobre o deseño da proba<sup>1</sup>), avaliaranse os coñecementos e a capacidade de razoamento do alumnado en torno á Cultura Audiovisual, polo que se estrutura en dous bloques de preguntas abertas:

- a) Un exercicio no que o alumnado deberá demostrar a súa capacidade interpretativa e crítica, de expresión e síntese, así como a asimilación teórico-práctica de conceptos básicos da materia. Na “Opción A” da proba proporase un exercicio de interpretación de imaxe (denotativa e connotativa), e na “Opción B” pedirase a explicación dun tema (a imaxe só será un apoio visual para que o alumnado identifique o tema entre todos os contidos da materia). Nos dous casos, o alumnado pode responder a cada apartado da pregunta, ou facer unha resposta conxunta. Esta parte da proba valorarase cun máximo de **6 puntos**.
- b) Preguntas de resposta breve (non máis de 5-10 liñas), de diferente complexidade, sobre todos os contidos do temario. Esta parte da proba valorarase cun máximo de **4 puntos**.

Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019

A directora do Grupo de Traballo

Ana Isabel Rodríguez Vázquez (Universidade de Santiago de Compostela)

A subdirectora do Grupo de Traballo

Berta García Orosa (Universidade de Santiago de Compostela)

---

<sup>1</sup> Última disponible no momento de redactar estas orientacións: DOG nº 37: Resolución do 11 de febreiro de 2019, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan as instrucións para a realización, dentro do curso 2018/2019, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) paa o curso 2019/2020.